

NORMAS DO COMEDOR

A prestación do servizo de comedor coincidirá co calendario lectivo, en horario de 14:00 a 15.50 horas en dúas quendas:

- **1ª quenda:** Educación infantil, 1º e 2º de primaria. Carné azul. De 14.00 a 15.50h.

- **2ª quenda:** 3º, 4º, 5º, 6º de primaria. Carné amarelo. De 14.00 a 15.45h.

Solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes para facer uso do comedor recolleranse na secretaría do centro e serán devoltas debidamente cumprimentadas antes do 8 de setembro.

O alumnado de 4º de educación infantil non poderá facer uso deste servizo ata o mes de outubro, por estar no período de adaptación

Para os cambios de días de uso, altas e baixas, as familias o notificarán por escrito ou por correo-e: ceip.emilia.pardo@edu.xunta.gal. Terán que avisar cunha semana de antelación, e non se fará efectivo ata o primeiro día do mes seguinte . Farase unha excepción no mes de setembro: permitiranse os cambios ata o día 20, sempre que non fixeran uso dos días anulados no comedor o longo do mes, se non terán que esperar ata o vindeiro mes, para poder facer ditos cambios.

As seguintes normas de uso do comedor serán de obrigado cumprimento:

Para todos os alumnos/as usuarios deste servizo:

- **Ser respetuoso coas persoas, co mobiliario e co material**
- Ser puntuais á hora de entrar no comedor.
- Non facer ruído nos corredores de acceso ao comedor.
- Entrar de forma ordenada.
- Non deixar encharcados os cuartos de baño nin os papeis tirados polo chan.
- As normas de hixiene para o comedor son: Lavar as mans antes e despois de comer, usar os cubertos e non comer coas mans, non tirar comida nin panos de mesa ao chan.
- Durante a comida pódese falar pero non elevar a voz, o ruído fai a estancia no comedor desagradable.
- Neste curso cada usuario terá un lugar fixo na mesa do grupo clase.

Para as familias:

- **As familias que fagan uso do comedor terán que ler, asinar e cumprir estas normas.**
- **Ningún alumno/a poderá facer uso do comedor se non está debidamente matriculado.**

- **Avisar ao colexio antes das 9:45 da mañá se non se vai asistir ao comedor, en caso de non vir a clase ou se vai saír antes de rematar as clases.** Se as faltas de asistencia son de días sucesivos deberán ser comunicadas e xustificadas por correo-e ou por escrito á Dirección do Centro, se son por motivos de saúde co correspondente informe médico.
- **As faltas de asistencia ao comedor non comunicadas o sen xustificar durante tres días consecutivos ou descontinuos nun mes natural pode supoñer a perda da posibilidade de asistir ó comedor durante dez días. En caso de volver a incumprir esta norma, pode supor a expulsión definitiva neste curso escolar.**
- **Ser puntuais na hora de recollida do alumnado.**
- **Se algún alumno/a ten que tomar unha medicación terá que traer o informe do médico, no comedor se valorará cada caso.**
- No caso do alumnado de 5º e 6º de EP que marche só sen ser acompañado, a familia terá que cubrir a debida autorización e entregala ás monitoras do comedor. Poderán saír ás 15.45 se non asisten a ningunha actividade extraescolar no propio centro
- Os pais, nais ou titores terán que cubrir a folla das persoas autorizadas para recoller aos seus fillos/as. No caso dunha incidencia fortuíta que obrigue a que sexa unha persoa nova a que veña a recoller a un alumno/a, terá que presentar a autorización debidamente cuberta e asinada.
- Para axilizar o traballo das monitoras, **calquera persoa que veña a recoller ao alumnado, deberá presentar o carné de autorizado/a cunha foto actualizada do alumno/a pegada na parte de atrás. Esta norma tamén inclúe aos proxenitores.**
- **Se existe unha sentenza xudicial que impida ou limite a recollida dun alumno/a, a familia terá que presentala á dirección do centro, para que de as instrucións pertinentes.**
- **As condicións especiais dos comensais (alerxias, intolerancias alimentarias...) especificaranse expresamente no sobre de solicitudes de praza. No caso de dietas especiais deberá presentarse certificado médico actualizado no que se especifique o tipo de dieta necesaria (celíaca, lactosa...).** En caso de enfermidade sobrevinda (gastroenterite...) non fará falla certificado médico, se solicitará a dieta branda por teléfono ao colexio antes das 9.30h.
- **Marcar toda a roupa e as mochilas con nome para evitar perdas de tempo e de roupa.**

Causas de exclusión

Decaerá do seu dereito prioritario:

- O alumnado que fose obxecto de sanción disciplinaria grave durante o curso, segundo valoración da Comisión de Convivencia do Consello Escolar.
- O alumnado que non teña o pagamento ao día do servizo de comedor.

Causará baixa automaticamente do servizo:

- O alumnado que durante o prazo dun mes de xeito continuado non faga uso do servizo de comedor coa frecuencia solicitada e non o xustifique debidamente ante a dirección do centro.

Serán suspendidos durante 10 días do dereito ao uso do servizo:

- O alumnado que en 3 ocasións non comunique á secretaría do centro a súa ausencia, antes das 09:45 da mañá, sexan usuarios pagadores ou de balde.
- O alumnado que non saiba manter unha actitude de educación e respecto cos compañeiros/as e as monitoras/es.

A dirección

Vigo, 12 de setembro de 2022

Eu.....con DNI:.....

Eu.....con DNI:.....

Pai/nai de..... do curso:.....

Lin e acepto as normas de comedor do CEIP Emilia Pardo Bazán de Vigo
(Se os dous proxenitores/as non son membros da mesma unidade familiar deberán asinar ambos/as)

Asinado:

Asinado:

Data: